



ASOCIACIÓN VIEIRO

## EN FAMILIA TODOS CONTAN

### Curso de prevención no ámbito familiar

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

## **1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN**

A investigación desenvolvida ao longo das tres últimas décadas indica que moitos dos factores de risco con maior impacto no desenvolvemento de problemas relacionados coas drogas se localizan no ámbito familiar.

Estes condicionantes constitúen un reto para o normal desenvolvemento psicolóxico e social das persoas xa que teñen un grande impacto nas etapas temperás da infancia e da adolescencia.

Entre os factores familiares que contribúen a desenvolver unha maior vulnerabilidade fronte ás drogas destacan: a existencia dun ambiente familiar desestruturado, o consumo de drogas por parte do pai ou da nai, ou dos dous membros da parella, a incidencia de enfermidades mentais nos pais, e a carencia de pautas de xestión familiar adecuadas.

Os programas de prevención selectiva desenvolvidos no ámbito familiar contribúen a promover o desenvolvemento de factores de protección entre as familias que se encontran en situación de risco respecto ás drogas. Por iso se centran en proporcionar aos pais ou titores estratexias que contribúan a mellorar a comunicación familiar, as pautas de xestión e disciplina e o establecemento de normas consistentes no seo do núcleo familiar.

Precisamente, o curso “En familia, todos contan”, enmárcase neste grupo de iniciativas encamiñadas ao fortalecemento das capacidades familiares e á diminución dos factores de vulnerabilidade que constitúen unha seria ameaza para o desenvolvemento saudable das vidas de cada membro que integra a familia.

## **2.- OBXECTIVOS**

- Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación de pais, nais ou titores legais que se encontran en situación de vulnerabilidade.



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Incrementar os recursos familiares para minimizar as situacións problemáticas.
- Proporcionar aos pais ferramentas para identificar de forma precisa os factores de risco a que se encontra exposta a familia e intentar minimizalos mediante o desenvolvemento de habilidades que os capaciten para reconducir as situacións conflitivas.

### **3.- POBOACIÓN DESTINATARIA**

A poboación destinataria do curso son pais, nais ou titores legais con fillos en idade escolar que se atopan en situación de risco: problemas de conducta, absentismo, etc.

### **4.- METODOLOXÍA**

Os pais/nais, para mellorar as habilidades e os coñecementos que actúan como factores de protección, reciben un adestramento interactivo. A través de métodos e estratexias de probada efectividade, mellóranse as pautas educativas e as relacións existentes na familia. Isto implica formar, dotar de ferramentas e involucrar aos pais/nais no desenvolvemento de actitudes, conductas e habilidades de xestión familiar. Inclúe tamén as actuacións necesarias para exercer a súa función educadora, mediadora e promotora de estilos de vida saudables que favorecen a prevención do consumo de sustancias nos fillos e fillas. Utilízase para, para elo, estratexias metodolóxicas activas e participativas, que transcenden o meramente informativo (técnicas de discusión e debate, modelado, ensaios condutuais, retroalimentación, reforzo de conductas aprendidas, entre outras).

### **5.- CONTIDOS**

- Avaliación do sistema familiar (condutas-problema, interaccións e procesos de comunicación pais/nais-fillos).



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Motivación para o cambio.
- Estilo de supervisión.
- O/a noso/nosa fillo/a aprende a comportarse.
- Como actuamos os/as pais/nais.
- O proxecto educativo da familia

## **6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN**

Na sede da entidade

## **7.- DURACIÓN**

Aproximadamente 5 sesións, dunha hora e media de duración, que poden verse aumentadas ou reducidas dependendo de cada caso.